



**Somos biosfera,
conservemos As Brañas.**

Ceip Sada y sus contornos. 6º de E.P.



Que é a biodiversidade?

A biodiversidade ou diversidade biológica é a **variedade da vida**.

A crise da biodiversidade é a **pérdida** acelerada da variedade genética, de espécies e de ecossistemas.



Humidais naturais e artificiais.


QUE SON OS HUMIDAIIS NATURAIS ?

Os humidaís naturais son terreos que están permanente ou intermitentemente inundados e que non son produto das actividades humanas.



Humidais naturais na nosa reserva:

En Sobrado hai un humidal natural (Un dos máis grandes da nosa reserva) que é unha lagoa catalogada patrimonio cultural e natural de Sobrado.




HUMIDAL NATURAL DE SOBRADO

Humidais artificiais.

Básicamente, os humidais artificiais son zonas construídas polo home nas que se reproducen, de maneira controlada, os procesos físicos, químicos e biolóxicos de eliminación de contaminantes que ocorren normalmente nos humidais naturais.



Humidais artificiais.



Os humidais depuradores de auga.

Os humidais e os acuíferos son un componente vital do ciclo da auga doce. Captan auga de chuvias, a reteñen, tamén os seus sedimentos, a filtran lentamente e recargan acuíferos. Os humidais proveen auga doce en cantidade e en calidade.


A importancia dos humidais variou co tempo. Teñen nutrientes e sitios amortecedores para contaminantes orgánicos e inorgánicos. Ista capacidade fai que os humidais podan depurar a auga.

FAUNA DAS BRAÑAS

A fauna que se establece nas Brañas de Sada é fauna plenamente **salvaxe**.

Os **invertebrados** son o grupo máis diverso, entre eles son especialmente destacables os **insectos**.

Os **anfíbios** que no seu ciclo vital ilustran o salto dos animais vertebrados ao medio terrestre, e nos que mellor se sintetiza a interacción entre ambos medios, o acuático e o terrestre .




LIBÉLULA

Respecto ós mamíferos das brañas de Sada existe constancia da presenza de **Sus Scrofa**, (**Xabarín**)

Ademais coñécese a presenza da **Lontra**, trátase dun mamífero adaptado ao medio acuático que aparece en grandes masas de auga que non presentan alto grado de contaminación.



As aves ,
o grupo máis numeroso.



ANIMAIS



LONTRA



PARRULO



PINTEGA



*RÁ
COMUN*

A photograph of a stream in a forest. The water is covered with a thick, bright green layer of algae or duckweed. The surrounding trees and branches are dark and mossy, creating a dense, somewhat somber atmosphere. The text is overlaid on the left side of the image.

A contaminación:

A auga das Brañas a contaminamos mediante desechos tóxicos: residuos de botellas , plástico , briks de leite o de zumes, facendo que a auga non sexa potable nin segura para os seres vivos .



A contaminación nas Brañas.

**As alteracions graves
poden modificar as
condicións de vida do
planeta e poñer en
perigo a vida na Terra.**

**O medio ambiente
é un sistema moi
complexo e fráxil .**

As Brañas flora:

As Brañas de Sada se atopan rodeadas de zonas urbanas.
Predomina **o ameneiral e os salgueiros.** (Fraga de ribeira.)










Unha xoia natural de 65 millóns de anos...

O Woodwardia radicans é un fento xigante, un tesouro de tempos pasados, que só se pode atopar en moi poucos lugares do mundo. Un deses lugares especiais está na costa de Galicia, nas Fragas do Eume, no Barbanza e nas Brañas de Sada.




A presenza deste fento nas Brañas indica unha clara recuperación do habitat, unha volta ao estado salvaxe.

Nos montes do Barbanza, nunha zona sen piñeiro ou eucalipto, atópase un fermoso bosque atlántico. A especie estrela deste monte é un fento enorme, de até 2,5 metros. Está en perigo de extinción.




Outros fentos non menos importantes...



Os humidais son importantes para o turismo?

Facédevos esta pregunta. A min parécenme importantes pola flora e a fauna, ademais de ter especies en perigo de extinción, o que desperta certo interés, ademáis de rutas, son bonitos paseos pola natureza. Poderíase facer un museo de telleiras ou unha aula da natureza.



As Brañas ...Aula Natural de educación medioambiental.






As libélulas,
indicadores de
contaminación



A libélula... O ciclo de vida destas, dende o ovo ata que chega a ser adulta pode abarcar dende 6 meses ata 6 ou 7 anos. Unha libélula vive a maioría de tempo como unha ninfa e necesita de auga moi limpa.



O ovo

Despois do apareamento a libélula femia pon os seus ovos nunha planta acuática ou simplemente na auga que non pode estar contaminada.



Ninfa

Unha vez que o ovo eclosiona sae a ninfa. As súas ás aínda non medraron e teñen unha especie de xoroba colgante. Estas viven na auga preparándose para converterse en libélulas adultas. Esta parte de converterse en libélulas pode tardar hasta 4 años. As ninfas viven en estanques ou zonas pantanosas onde non hai auga contaminada, xa que se está contaminada nin sequera poñen os ovos alí. A medida que se desarrollan aliméntanse de ninfas máis pequenas.




A libélula adulta

Unha vez que a ninfa xa se desenvolveu por completo e está preparada para converterse nunha libélula adulta a ninfa sae ao exterior, polo talo dunha planta.

Unha libélula considerase adulta cando xa deixou atrás a exuvia, que é a pel que deixa no talo da planta ao facer a metamorfose.

Cando xa é adulta, a libélula empeza a buscar alimento e un compañeiro. Cando xa se encontran unha hembra e un macho aparéanse e todo volve a empezar.



As antigas telleiras nas Brañas

Preservar a dimensión etnográfica e histórica das Brañas é tamén importantísimo, xa que o humidal ten un notable interés histórico.

O aproveitamento das Brañas con fins industriais ten as súas orixes ao final do século XIX, cando se documentan as primeiras explotacións das barreiras por parte do telleiro de Dorneda, Ignacio Temprano.

No século XX, esta actividade habíase transformar nun sector importante no desenvolvemento económico de Sada.

As antigas telleiras nas Brañas.

As telleiras tiñan cadanseu alboio a cuberto no que se daba forma ao barro para elaborárense as tellas e os ladrillos, o forno ou fornos nos que se cocían e a zona de secado, na que se depositaban as pezas. O barro era trasladado desde as barreiras -o lugar de extracción- nun carro de tracción animal, polo que cumpría que as distancias fosen curtas.




MÁQUINA "GALLETERA" QUE FABRICABA AS TELLAS E LADRILLOS



NESTE ALPENDRE APILÁBANSE OS MATERIAIS DESPOIS DE COCIDOS

Unha das varias fábricas de tellas e ladrillos que había neste Concello.

Aquí pódese ver o lugar de secado do ladrillo recentemente feito. Ao ser un chan arcilloso, o oco que ía quedando, no inverno, enchíase de auga e había que esperar ao verán para extraela cunha bomba de achique para poder continuar sacando o barro e almacenalo para poder traballar no inverno.



E por último...

Os rapaces do Colexio “Sada y sus contornos” comprométense a coidar e a respetar o seu entorno.

Conservemos As Brañas!

Moitas grazas.

Documentación:

Sociedade Galega de Historia Natural.Delegación de As Mariñas

Informe AS BRAÑAS DE SADA.

http://www.sghn.org/Delegacion_As_Marinhas/Informe_Branhas_Sada_xullo_2011.pdf